

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN CORAL GALEGA PARA A REALIZACIÓN DE CONCERTOS E CURSOS

Dunha parte, José Carlos López Campos, na súa condición de conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia.

Doutra, Pablo Rico Echegaray, na súa calidade de presidente da Federación Coral Galega, con CIF V36631042, actuando en nome e representación da entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos, tal como figuran nos arquivos desta consellería.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, e,

EXPOÑEN:

Que as dúas entidades son conscientes da necesidade de actuacións de carácter sociocultural que permitan unha adecuada oferta, co obxecto de satisfacer as necesidades en materia cultural.

Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española. Dentro de ese ámbito competencial, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude desenvolve unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude quere acometer a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega; mediante a programación de actuacións de recuperación da nosa cultura preténdese acadar unha maior eficacia na consecución destes obxectivos, por medio do desenvolvemento de actividades culturais e de fomento da cultura en lingua galega.

Con este convenio asegúrase a realización de diversas manifestacións da cultura galega levadas a cabo por entidades que a queren dar a coñecer, mediante a súa promoción dentro e fora do noso país, coa organización de actividades que permitan un maior coñecemento dela.



A Federación Coral Galega vén desenvolvendo unha labor de continuidade no campo da promoción e difusión da cultura galega, en especial a través do fomento da música popular galega.

Os fins da federación son promover a difusión da música coral, potenciar a formación dos cantores, xefes de corda, directores e fomentar a pedagogía musical infantil.

A Federación vai desenvolver en 2025 as seguintes actuacións:

- Certame Coral Galego
- Certame Coral Galego Infantil-Xuvenil
- Dixitalización e RRSS
- Ciclo Galicia Canta
- Coro FECOGA

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións

O convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Federación Coral Galega para a realización de diversas actuacións culturais.

Actuacións. Custo total: 50.000 €.

CERTAME CORAL GALEGO INFANTIL-XUVENIL	Prezo (€)
Aluguer do auditorio da Cidade da Cultura	1.200€
Mantenzas persoal organizador e xurado	400€
Cartelería para o evento	750€
Premios	3.000€
Gravación profesional (vídeo e audio)	2.650€
TOTAL	8.000€



CERTAME CORAL GALEGO

Prezo (€)

Aluguer do auditorio da Cidade da Cultura	1.200€
Mantenzas persoal organizador e xurado	400€
Cartelería para o evento	750€
Premios	7.000€
Gravación profesional (vídeo e audio)	2.650€
TOTAL	12.000€

DIXITALIZACIÓN E RRSS

Prezo (€)

Teléfono	500€
Páxina web nova e anuncios en RRSS	500€
Correos	500€
Dixitalización Arquivo	3.000€
Seguro RC	1.000€
Compra equipamento informático	500€
TOTAL	6.000€

CICLO GALICIA CANTA

Prezo (€)

32 actividades x 500 €/actividade	16.000€
TOTAL	16.000€

CORO DE FECOGA

Prezo (€)

Caché director	500€
Aloxamento e mantenzas cursillistas, director e persoal técnico	3.500€
Aluguer de espazos e equipo técnico	1.000€
Desprazamentos	2.500€
Papelería e anuncios	500€



Certame Coral Galego

- Obxectivo principal: Fomentar a excelencia interpretativa dos coros adultos de Galicia e crear un evento de referencia no panorama coral.
- Desenvolvemento:
 - Convocatoria aberta a coros adultos de todo o territorio galego.
 - Cada coro participante interpretará un repertorio libre, seguindo as bases do concurso.
 - Avaliación por parte dun xurado de prestixio.
 - Entrega de premios aos mellores coros en función de criterios de calidade vocal, repertorio e interpretación.
- Finalidade: Potenciar a competitividade saudable entre coros, visibilizar o traballo de cada agrupación e ofrecer un espectáculo de alto nivel musical ao público.

Certame Coral Galego Infantil-Xuvenil

- Obxectivo principal: Promover a formación musical e a participación dos nenos e nenas no ámbito coral, fomentando os valores de convivencia, disciplina e cooperación.
- Desenvolvemento:
 - Convocatoria aberta a coros de nenos e nenas de diferentes procedencias.
 - Funcionamento e bases semellantes ao certame de coros adultos, adaptadas ás idades dos participantes.
 - Xurado especializado e premios en recoñecemento á interpretación e ao traballo coral.
- Finalidade: Favorecer a continuidade e o relevo xeracional na música coral galega, reforzando o interese pola cultura musical dende idades temperás.

Dixitalización e RRSS

- Obxectivo principal: A Federación Coral Galega (FECOGA) propón un plan integral para cubrir os seus gastos de funcionamento e avanzar no proceso de dixitalización do seu amplo arquivo de partituras. Este proxecto busca mellorar a xestión interna, reforzar a presenza en liña e posibilitar que todos





os coralistas teñan acceso inmediato ao material musical, co fin de modernizar e optimizar o labor da federación.

- Liñas de actuación:
 - Servizos de Telefonía e Comunicación
 - Telefonía e Internet: Contratación de tarifas que permitan unha comunicación fluída coa rede de coros asociados, así como a xestión rápida de consultas e incidencias.
 - Correos: Gastos derivados do envío de documentación, materiais físicos e correspondencia oficial cando resulte necesario.
 - Nova Páxina Web e Presenza Dixital
 - Deseño e desenvolvemento: Creación dun sitio web moderno, funcional e seguro que sirva como punto de referencia para as corais federadas e o público xeral.
 - Mantemento web: Actualización continua de contidos, xestión de dominios, servidores e seguridade en liña para garantir a dispoñibilidade e fiabilidade do portal.
 - Equipamento
 - Compra de equipamento informático e software necesario para as actividades.
 - Alugueiro e Seguros
 - Seguro de actividades: Pólizas de responsabilidade civil e outros seguros necesarios para cubrir eventuais riscos durante as actividades promovidas pola FECOGA.
 - Dixitalización do Arquivo de Partituras: dixitalización íntegra do arquivo da FECOGA para poñer á disposición de todos os coros as partituras que requiran.

Ciclo Galicia Canta

- Liñas de actuación:
 - Concertos de corais
 - Obxectivo: Favorecer a participación de polo menos 4 corais en cada concerto, con polo menos unha delas de fóra da provincia anfitríoa para impulsar o intercambio cultural.





- Organización: Celebración en diferentes localidades, promovendo o encontro entre corais e a difusión das tradicións musicais de cada zona.
- Cursos de técnica vocal
 - Obxectivo: Reforzar a calidade interpretativa dos coros, impartindo formación específica de técnica vocal a cargo de directores de prestixio.
 - Contido: Talleres prácticos sobre afinación, empaste vocal, expresividade e repertorio, axudando a profesionalizar e mellorar as agrupacións corais.
- Desprazamentos de corais
 - Obxectivo: Facilitar o intercambio entre provincias, evitando que os custos de viaxe sexan un obstáculo para a participación en concertos ou actividades formativas.

Coro FECOGA

- Limiar: tras o éxito da edición anterior de 2024, na que participaron máis de 40 persoas e se acadou un 92% de satisfacción xeral, a Federación Coral Galega (FECOGA) propón repetir a experiencia do Encontro do Coro FECOGA.
- Obxectivos Principais
 - Formación en dirección coral: Ofrecer formación intensiva a persoas interesadas en mellorar a súa técnica e coñecementos, impartida por un director de prestixio no panorama nacional.
 - Práctica coral de alto nivel: Crear un coro temporal no que cada participante poida ensaiar as súas destrezas tanto vocais como de dirección.
 - Difusión cultural: Pechar a actividade cun concerto final que sirva para promocionar a música coral e poñer en valor o talento local e nacional.
- Duración e Estrutura da Estadía
 - Días de estadía: Varios días consecutivos de ensaios, clases, masterclasses e actividades de convivencia.
 - Horario diario:
 - Sesións teóricas sobre técnica de dirección, análise de repertorio e ensaio coral.



De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto é a Federación Coral Galega a encargada de promover a difusión da música coral, a formación dos cantores e fomentar a pedagogía musical infantil.

Por todo o anterior é a Federación Coral Galega a que posúe a especificidade como beneficiaria así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Así mesmo e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Dirección Xeral de Cultura, para o ano 2025, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.

SEGUNDA.- Obrigas da Federación Coral Galega

A Federación Coral Galega comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

A beneficiaria deberá dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen o artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

A beneficiaria ten a obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

A Federación deberá presentar certificacións acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para solicitar as certificacións acreditativas de que se



atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 de protección de datos, na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

De acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a beneficiaria deberá presentar unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria. Esta declaración deberá presentarse antes da sinatura do convenio.

A Federación Coral Galega comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

TERCEIRA.- Financiamento e compatibilidade

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude comprométese a aboar a cantidade de 50.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 13.03.432B.781.1, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano, 2025 código de proxecto 2025 00111.

Esta cantidade, 50.000 €, trátase dun importe certo, quedando por conta da beneficiaria a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do Regulamento de subvencións de Galicia.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula primeira, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

Conforme o disposto no artigo 40.1.d) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea e/ou organismos internacionais.



De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrência con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

CUARTA.- Xustificación dos gastos e pagamento

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007. A data tope de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida é o 15 de decembro de 2025.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarse electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

A Federación presentará electronicamente a xustificación da subvención, coa data límite establecida e incluírá a seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. Nesta memoria deberase indicar o número de asistentes.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:
 - ✓ Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor, do importe, data de emisión e data de pagamento.
 - ✓ As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.
- Unha relación detallada, se é o caso, doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia. No caso de non ter solicitado e/ou non ter recibido outros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, deberán de presentar unha declaración responsable neste sentido.
- Os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os abone efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os



impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda. Na xustificación deberase indicar si son ou non susceptibles de recuperación.

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei de contratos do sector público, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á solicitude da subvención.

Subcontratación:

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso queda fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incorrer a entidade para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2025, dende o 1 de xaneiro ata a data tope de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

No caso de que a federación non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

QUINTA.- Pagamentos anticipados e á conta

No caso de que a federación solicite pagamentos anticipados segundo o disposto no artigo 63.1.2 do Regulamento de subvencións de Galicia, poderán concederse anticipos ata o o importe de 18.000 € como máximo.



No caso de que a federación solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

A Federación tamén poderá solicitar pagos á conta, artigo 62 do Regulamento de Subvencións, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada.

O importe conxunto de pagos á conta e dos pagos anticipados que se concedan non poderá exceder 18.000 €

O artigo 65.1 do Regulamento de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando se prevexa a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; o artigo 65.4.i) recolle que quedarán exonerados da constitución de garantía os beneficiarios das subvencións concedidas cando os pagamentos non superen os 18.000 €.

SEXTA.- Comisión mixta de seguimento

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada polo director xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, e polo presidente da Federación Coral Galega.

SÉTIMA.- Causas de resolución e modificación do convenio

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando concorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Segundo o disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico:

"Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade e financeira.

Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución."

OITAVA.- Publicidade e rexistro do convenio



As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a Federación Coral Galega acepta a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

NOVENA.- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométese a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

DÉCIMA.- Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral



do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

DÉCIMO PRIMEIRA.- Xurisdición

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

DÉCIMO SEGUNDA.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO TERCEIRA.- Vixencia



O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2025, sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas dende o 1 de xaneiro de 2025.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan telematicamente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude O presidente da Federación Coral Galega

José Carlos López Campos

Pablo Rico Echegaray

